



CAPTACIÓN E RETENCIÓN DE TALENTO

principia 2021

Contratación de tecnólogos de
ata 35 anos para a realización de
actividades de I+D+i



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA



Descrición / Obxectivos

Concesión de axudas para o fomento da empregabilidade de persoas de ata 35 anos en actividades de I+D+i, a través da súa contratación laboral durante un período mínimo dun ano, co fin de impulsar a súa carreira profesional, así como estimular a demanda no sector público e privado de persoal suficientemente cualificado para acometer proxectos de I+D+i enmarcados en áreas estratéxicas para Galicia (RIS3)

Intensidade da axuda

Subvención:
10.000€ / contrato 12 meses + 1.000€ bono de formación/contrato (opcional)


Orzamento total:
1.080.000€

Alcance previsto:
aproximadamente 100 contratos

Beneficiarios



Empresas galegas
e/ou con centro de
traballo en Galicia



**Organismos de
Investigación** públicos
ou privados en Galicia

Requisitos específicos da axuda

Condicións do persoal contratado:

- Ter unha idade comprendida entre os 18 e os 35 anos.
- Estar en posesión dun título universitario medio ou superior ou de formación profesional de grao superior ou equivalente.
- Non ter experiencia laboral superior a 36 meses na súa categoría profesional (para o cómputo desta experiencia non se terán en conta as prácticas que formen parte dos currículos para a obtención das titulacións correspondentes, as prácticas non laborais e as bolsas).
- Non ter sido contratado nos 6 meses anteriores pola entidade solicitante, no grupo de cotización á Seguridade Social correspondente á súa titulación.
- Non ter sido subvencionada a súa contratación nas convocatorias Principia 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020.

Condicións do contrato:

- Os contratos subvencionados poderán estar formalizados entre o **1 de xaneiro e o 1 de novembro de 2021**.
- Os contratos poderán ser indefinidos ou temporais, de duración mínima dun ano.
- As actividades de I+D+i que realicen as persoas contratadas desenvolveranse en centros de traballo de Galicia e estarán aliñadas cos retos e prioridades da RIS3.
- As entidades poderán indicar un perfil indeterminado no momento da solicitude, o que permitirá maior flexibilidade á hora da contratación.
- A **retribución salarial anual bruta** a percibir por cada persoa contratada deberá figurar no contrato expresamente e **non poderá ser inferior a 19.000 euros**.

Principais indicadores do Programa Principia (2016-2020)



542

Nº contratos executados



282

Nº entidades beneficiarias



78,9%

Beneficiarios empresas



58,7%

Traballadores con contrato indefinido



13M€

Investimento total mobilizado

Organismo xestor: **Axencia Galega de Innovación**

Tipo de convocatoria: **Convocatoria en réxime de concorrencia competitiva**

Tipo de apoio: **Axuda a fondo perdido**

Código do procedemento: **IN848C**

Data de publicación DOG: **15/03/2021**

Prazo de presentación de solicitudes: **16/03/2021-15/04/2021**

Presentación de solicitudes: **sede.xunta.gal**

Mais información

🏠 gain.xunta.gal

☎ 981 957 008

🏠 Axencia Galega de Innovación

Rúa Airas Nunes s/n, 15702

Santiago de Compostela

✉ servizos.gain@xunta.gal

☎ 881 999 121





Mais información



gain.xunta.gal



ceei.xunta.gal

-  [@axenciaGAIN](https://www.facebook.com/axenciaGAIN)
-  [@axenciaGAIN](https://twitter.com/axenciaGAIN)
-  www.linkedin.com/company/gain-axencia-galega-de-innovación
-  www.vimeo.com/axenciagain

Axencia Galega de Innovación
Rúa Airas Nunes s/n
Santiago de Compostela

Contactar vía teléfono ou mail:
981 957 008
servizos.gain@xunta.gal



XUNTA
DE GALICIA

